

Ola a todos e todas, nais, pais e mestres do noso colexio:

Pomos en marcha de novo un ciclo formativo orientado a pais, nais e mestres da nosa comunidade educativa.

Dende febreiro e ata o mes de maio ofrecémosvos:

- un ciclo de formación en tres charlas de **prevención da drogrodependencia** (os vosos fillos de 2º, 3º e 4º da ESO estano a facer nestes intres no colexio dentro das titorías):
 - **Luns, 8 de febreiro: Límites e normas. Castigo.**
 - **Martes, 16 de marzo:** Factores de risco e protección. Razóns para o consumo. Creenzas.
 - **Martes 4 de maio:** Autoestima.

Todas elas terán lugar no **salón de actos do colexio as 19:00 h.**

- unha charla dentro da formación na **dimensión social** do centro educativo:
 - **Mércores, 24 de febreiro,:** A realidade e a experiencia de traballo no ámbito da inmigración. A charla será a cargo de Daniel Izuzquiza, s.j. coordinador do Centro Pueblos Unidos. (www.pueblosunidos.org). É unha charla de formación para o claustro do noso centro á que estades invitadas tódalas nais e pais.

Terá lugar no **salón de actos do colexio as 17:30 h.**

O motivo é tentar de apoiarnos no proceso de educación dos vosos fillos e fillas, alumnos e alumnas do noso centro.

1ª CHARLA: LÍMITES E NORMAS. CASTIGO.

LUNS, 8 de febreiro.

SALON DE ACTOS DO COLEXIO AS 19:00 h.

Todas e todos temos dúbidas ante os retos do cotiá:

- ¿estareino facendo ben? ¿é acertada a decisión que tomei? ¿estou perdendo o control?
¿qué lle digo eu sobre as drogas?...

Sen pretender respostar a todo o que si nos gustaría é apoiarnos e darvos algunhas **reflexións** que vos sirvan cara a vosa importante labor: **A educación** dos fillos e fillas.

Estará impartida por Angeles Montero Gómez.
Coordinadora do Proxecto Creative de ACLAD Alborada de Vigo.

Contamos ca vosa presenza.

Un saúdo afectuoso,

ANPA e COLEXIO APÓSTOL SANTIAGO.